



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 25 DE FEBREIRO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)

D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D^a. NOELIA RODRIGUEZ

TRAVIESO (PSOE)

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)

D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)

D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)

D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

D. JACOBO GARCIA SOTO (B.N.G.)
QUE SE INCORPORA NO PUNTO 2º

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 18:30 horas do día vinte e cinco de febreiro de 2016 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodríguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 28 DE XANEIRO PASADO.

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 28 de Xaneiro de 2016, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- TOMA DE POSESION DO CONCELLEIRO DON JACOBO GARCIA SOTO.-

O Sr. Alcalde da a benvida ao Sr. Jacobo Garcia Soto comentando que se xe enviou a credencial de concelleiro pola Xunta Electoral Central e xa se complimentaron as declaracións de concelleiro previstas na lexislación de rexime local, procedendose acto seguido a prestar xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108.6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril (B.O. do Estado do día 6), optando pola fórmula de acatamento por imperativo legal.

Trala promesa do cargo adquire a condición plena de concelleiro en representación do B.N.G. séndolle de aplicación as normas dos arts. 73 e ss. da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

3.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 31 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de xaneiro; unha, sobre concesion servizo axuda no fogar.

Do 18 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xaneiro; unha sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 22 de xaneiro, unha,, sobre aboamentos..

Do 25 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xaneiro; dúas, unha sobre aprobación liquidacións; unha sobre aboamentos.

Do 27 de xaneiro; cinco, unha, sobre aprobación de convenio; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; unha , sobre orde de execución..

Do 28 de xaneiro; dúas; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de xaneiro; dúas; unha sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de febreiro; dúas; unha, sobre baixa no Rexistro Parellas de Feito; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de febreiro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de febreiro; tres; unha sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de febreiro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa de obra; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de febreiro; dúas; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión de vacacións..

Do 06 de febreiro; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 08 de febreiro, tres; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre permiso por enfermidade dun familiar; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de febreiro; dúas; unha sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de febreiro; unha; sobre aboamentos.

Do 12 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de febreiro; dúas, unha, obre arquivo de expediente; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 17 de febreiro; dúas; unha, sobre concesión de vacacións; unha sobre aboamentos.

Do 18 de febreiro; catro, unha, sobre concesións de vacacións; dúas, sobre arquivo de expediente; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de febreiro; seis, unha, sobre concesión días por falecemento de familiar; dúas, sobre concesión servizo xantar na casa; dúas; sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de febreiro; dúas; unha, sobre orde de execución; unha, sobre arquivo expediente.

Do 23 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

4.- APROBACION SE PROCEDE DO ORZAMENTO 2016, ANEXO DE PERSOAL E BASES DE EXECUCION.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de data 18 de febreiro de 2016, co seguinte tenor literal: " O Presidente comeza sinalando os gastos e ingresos por Capítulos do Orzamento para o 2016, ascendendo a cantidade de 4.260.557,98 euros, explicando de seguido os diversos capítulos de ingresos e gastos así como as principais novidades do orzamento, sinalando unha nova partida para reparación de camiños que aumenta ata 100.000 euros. Finaliza dicindo que tivo varias reunións cos grupos municipais e de feito facilitoulle un borrador, indicando que algún grupo fixo aportacións que se incluíron do documento final.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que é certo que se lle facilitou un borrador a principios de xaneiro e que se tiveron varias reunións para explicalo mesmo, dí que falou co Secretario para que lle explicará diversas cuestións e que se lle facilitou algún documento pedido, se ben dí que o documento completo non se lle entregou ata hoxe pola maña; de seguido fai diversas preguntas en relación con varias partidas, as cáles son respostadas polo Sr. Presidente. De seguido o Sr. Fidalgo Martínez, fai a seguintes propostas:

1.- Que se manteña a praza que se propón amortizar por cautela ante unha posible revisión da incapacidade do traballador e no seu caso se utilice dita cantidade para facer unha modificación orzamentaria, e dicir propón o proceso inverso o que se propón polo grupo de goberno.

2.- Que se desglose a partida denominada "Infraestructuras e Bens Naturais", de xeito que queden 20.000 euros para reparación de camiños e os 80.000 restantes pasen o capítulo VI de inversións para a obra denominada "Acondicionamento das beirarúas da rúa Muñoz Calero".

3.- No capítulo IV, na partida de subvencións para mantemento de campos de fútbol, solicita que dita cantidade pase a ser xestionada directamente polo Servicio municipal de deportes.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Finalmente solicita que se faga un pleno monográfico co tema dos orzamentos para que todos os grupos poidan facer aportacións e en todo caso que se celebre antes do vindeiro 15 de marzo.

Resposta o Sr. Presidente, para dicir que en canto a praza amortizada dí que o normal é que non haxa revisión da incapacidade e no caso contrario haberá que facer unha modificación orzamentaria; en canto o da obra de Muñoz Calero, dí que a cantidade que propón non é suficiente xa que hai que dotala de abastecemento e saneamento novo, polo que propon a realización dun proxecto completo para a zona e buscar cofinanciación xa que se trata dunha obra importante; en canto o do mantemento dos campos de fútbol, dí que ese control xa o está facendo o servizo municipal de deportes, polo que non lle ve inconveniente en acceder o proposto; en canto o aprazamento do debate do orzamento dí que leva dous meses con eles e mantendo reunións con grupos municipais, dí que temos premura en aprobalos porque temos o tema do aparcamento e fai falta que haxa dotación orzamentaria para contratar o servizo, polo que pensa que unha pronta aprobación do documento traerá máis beneficios que inconvintes.

Intervén o Sr. Vázquez López, para indicar que o seu grupo vai a votar a prol do documento, xa que se atenderon diversas peticións realizadas, todas elas cuestións que ian no seu programa electoral.

De seguido somete a ditamen a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2016, cun importe de 4.260.557,98 euros en ingresos e de 4.260.557,98 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e a Plantilla de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 169.3 do repetido R.D.L. 2/2004; noutro caso, procederase de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente."



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

De seguido o Sr. alcalde da conta da seguinte enmenda: "**DON JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADAVIA**, en base o artigo 97.5 do ROF e artigo 23 do Regulamento Orgánico do Concello, en relación co punto 4º do Orde do día da sesión ordinaria do Pleno a celebrar o día 25 de febreiro de 2016, ten a ben presentar a seguinte **ENMENDA** os **ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2016**, ditaminados na Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas celebrada o pasado 18.02.2016.

1º.- En lugar de amortizar a praza denominada "Responsable do departamento de Promoción Económica", proponse a súa modificación de xeito que se mantén a praza ante unha hipotética reincorporación do titular da mesma, se ben dotase orzamentariamente con dúas mensualidades, sen perxuízo de que a posteriori se fagan as correspondentes modificacións orzamentarias.

2º.- No capítulo IV do Orzamento, Transferencias correntes, crease un Plan de axuda a inserción laboral para parados/as de longa duración, cunha dotación orzamentaria de 18.000 euros, de xeito que se aumenta a partida inicialmente prevista.

3º.- No capítulo II do Orzamento, Transferencias correntes, crease unha partida para a posta en marcha dun Proxecto de compatibilidade da xornada laboral de pais e nais, con fillas/os entre 0 e 3 anos, co obxectivo de completar o horario existente na escola infantil "Galiña Azul" de Ribadavia, cunha dotación orzamentaria de 6.000 euros.

4º.- Adecuense as amortizacións o novo programa financeiro para o exercicio de 2016, de acordo coas novas comunicacións das entidades bancarias, o cál permite financiar as novas partidas creada.

5º.- No capítulo II do Orzamento, na partida referente a "Edificios e outras construcións" incrementase en 20.000 euros para a reparación do Centro Social de Francelos, San Paio, Casa de Cultura e Vestiarios do auditorio do Castelo, reducíndose na mesma cantidade a partida referente a "Infraestructuras e Bens Naturais" que pasaría a 80.000 euros contemplándose a obra de Reparación das Beirarúas de Muñoz Calero.

6º.- No capítulo IV, Transferencias correntes, suprimese a partida para subvencións mantemento do campo de fútbol por importe de 3.300 euros, creándose unha partida denominada Mantemento de campos de fútbol a cál xestionarase polo Servicio municipal de deportes, incluíndose no capítulo correspondente".

Intervén Don Manuel Vázquez López, voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, para dicir que os orzamentos parecenlle razoables, dí que tivo varias reunións co concelleiro de facenda e que se atenderon as peticións do seu grupo polo que houbo capacidade de diálogo e de chegar a acordos; dí que se cumpre o teito de gasto, que se manteñen cunha lixeira suba as partidas culturais o que lle parece interesante, en canto a enmenda, a cál ven derivada de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

aportacións de Ribeiro en Comun parecele interesante e que ven a mellorar o documento, polo que anuncia o voto favorable do seu grupo.

Intervén Don Brais Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, para sinalar en principio que non lle gustou o procedemento fixado para a súa elaboración, xa que entende que debería haber máis participación veciñal e do tecido asociativo; dí que o seu criterio os orzamentos teñen moitas carencias, se ben o seu grupo dende o principio prantexou este documentos dunha maneira constructiva e así fixo diversas propostas, as cales o final via enmenda se plasman no documento; quere recoñecer a capacidade de diálogo do concelleiro de facenda, agradece que se recollan as súas propostas e a colaboración dos funcionarios que sempre estiveron dispostos a atender as súas dúbidas, procedendo de seguido a explicar as propostas do seu grupo e que van na enmenda que hoxe se presenta, indicando que algunha destas propostas están sen concretar cuestións que haberá que facelo a posteriori.

Intervén Don Jacobo Garcia Soto, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para dicir que é difícil facer unha valoración do seu grupo xa que ata a seman pasada non se deu o resume da liquidación do derradeiro exercicio; dí que o seu grupo non fixo propostas xa que están nunha liña ideolóxica contraria a do grupo de goberno, sinala que trátanse duns orzamentos do cemento e non dos servizos sociais, de feito reducense algunha partida como a de subvencións para material escolar; dí que dado o custe haberá que buscar alternativas para a recollida dos residuos sólidos urbanos e a subministración eléctrica, sinala que aumenta a partida para contratación de persoal para fins electoralistas. Finaliza a súa intervención anunciando o seu voto en contra.

Intervén Don Cesar Manuel Fernández Gil, voceiro do grupo municipal do P.P. para con carácter previo indicar que por cuestión de forma o concelleiro de facenda debería haber explicado polo miúdo a enmenda presentada; en canto os orzamentos sinala que en relación cos derradeiros orzamentos sube o capítulo de persoal un 4% e o gastos corrente un 24%, sinalando que entre os dous capítulos supoñen o 77% dos orzamentos, cuestión que lle parece excesiva, recalca que é habitual para este grupo de goberno non aprobar os orzamentos en prazo incumplindo sistemáticamente o que establece a lei; parecele preocupante o que sinala o Interventor no seu informe respecto o incumprimento do procedemento establecido para o gasto, cuestión esta que leva reiterando en informes dende o ano 2011; en canto o que se prantexa na enmenda dí que como non podía ser doutra maneira está de acordo co tema das beirarúas de Muñoz Calero e as reparacións dos centros sociais e outros, xa que foron cuestións que o seu grupo prantexou en plenos pasados, se ben esperá que se cumpran os acordos e non pase como nos derradeiros orzamentos aprobados co voto favorable do seu grupo o haber introducido unha partida para reparación de camiños e aínda hoxe o de Santa Cristina está sen arranxar, polo que pide un cronograma das actuacións previstas para que o seu grupo poida pronunciarse; fai referencia de seguido a diversas iniciativas que se aprobaron no pleno e que non teñen cobertura orzamentaria, por exemplo a extensión do servizo de limpeza o rural, a aprobación da Relación de Postos de Traballo, o abastecemento e saneamento as Chabolas-O Seixo, mellora do abastecemento e



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

saneamento en San Cristovo, polo que pensa que o que se aproba no pleno non son máis que brindis o sol, polo son excépticos respecto o que se propón na enmenda.

Intervén Don Javier Iglesias Sendin, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para recalcar que os orzamentos son algo máis que a enmenda presentada; en canto a falta de partida para as obras as que fai referencia o voceiro do P.P. dí que no momento que haxa confirmación de financiación das mesmas polos organismos competentes dí que non haber inconveniente en que o Concello as cofinancie, xa que poñer agora unha partida sí sería un brindis o sol, en canto a reparación do camiño de Santa Cristina dille o Sr. Fernández Gil que sabe o porque non se fixo ata agora; en canto o capítulo I dí que a subida ven determinada polo que establece a lei, o 1% máis a devolución do 50% da paga extraordinaria retirada no seu día e nunha partida alzada para recoñemento de trienios o persoal laboral; en cuanto as actuacións previstas, dí que aparte das sinaladas na enmenda, tamén contemplase unha actuación de humanización na estrada N-120 a altura de Val de Pereira, estrada o lado das vivendas sociais, a adquisición dun camión multifunción para darlle maior cobertura os servicios municipais, a realización dun pozo nas Chabolas, amplia cobertura os servicios sociais e mantemento con lixeiro incremento das partidas culturais e festivas; dí que o orzamento sube un 7,06% respecto o do ano anterior, aumentase a cobertura dos servicios todo elo sen subir impostos e mellorando no derradeiro exercicio diversas magnitudes como a carga financeira, o remanente de tesourería, o aforro neto e reducindo a débeda; en canto a partida para a adquisición de libros de acordo co informe do responsable do servicio é máis que suficiente e sinala que se hai compromiso por parte das Administracións competentes, como por exemplo no casco do abastecemento das Chabolas-A Groba, o Concello habilitará a partida correspondente.

Intervén o Sr. Vázquez López, para dicir que o seu grupo fixo os deberes facendo aportacións as cáles foron recollidas polo grupo de goberno; pensa que o Concello vai no bo camiño no tema da redución da débeda, que a partida para os servicios sociais é importante así como o mantemento das partidas para actividades culturais, por todo elo anuncia o seu voto a prol dos orzamentos.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que escoitando o Sr. Concelleiro de Facenda dalle a impresión que estamos a falar dos mellores orzamentos da historia e nada máis lonxano da realidade; dí que non coincide con parte dos seus orzamentos nin como método empregado para a súa confección, se ben considera positivo que se recollan as propostas do seu grupo en forma de enmenda.

O Sr. Garcia Soto, para sinalar que tivo a sensación de que o grupo de goberno xa contaba cos apoios necesarios para a súa aprobación e de feito non fixeron moito para convencelo; celebra a enmenda que se propón a proposta do grupo Ribeiro en Común, se ben na súa totalidade considera que non son os orzamentos máis axustados para o Concello polo que vai a votar en contra.

O Sr. Fernández Gil, dí que non se recolleron ningunha das propostas que fixo o seu grupo o longo do ano e que foron aprobadas nos plenos, cuestións as que se referiu



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

anteriormente, indicando que o seu traballo é baldío xa que non se executan os acordos adoptados; en canto o punto 5º da enmenda pregunta se vai a hipotecar a realización de reparación de camiños no rural xa que reduce a partida; en canto a redución do endebedamento dí que ven determinado porque estamos sometidos a un plan de axuste e non queda máis remedio que cumprilo.

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que a partida de reparación de infraestruturas no rural no está hipoteca pola obra de Muñoz Calero, dí que unha vez se faga unha valoración polas técnicas municipais e tendo en conta as necesidades do Concello poderase ampliar a partida coa realización de modificacións orzamentarias; dí que sempre estivo aberto as negociacións cos grupos e de feito as aportacións que fixeron foron incorporadas o documento. Finaliza dicindo que son unhs bos orzamentos e axustados a realidade do Concello.

Intervén o Sr. Alcalde para agradecer o traballo, compromiso e capacidade de diálogo do Sr. Concelleiro de facenda, di que a intención do seu grupo foi a de dialogar xa que somos conscientes de que nos atopamos en minoría; sinala que todas as achegas que se fixeron van a repercutir nos veciños, dí que pode estar de acordo en que podeselle dar participación os veciños na elaboración dos orzamentos pero debe quedar claro que os concelleiros son os representantes dos veciños; agradece as aportacións realizadas tanto por Ribeiro en Común como por Compromiso por Galicia, lamenta o voto en contra do B.N.G., sobre todo se temos en conta a colaboración que tivo nestes derradeiros anos co grupo de goberno, tanto cando formou parte del como despois; en canto o P.P. dí que a súa responsabilidade debe ser maior xa que teñen que ser alternativa de goberno, dí que non fixeron proposta algunha e que o orzamento é mais que a enmenda presentada hoxe, sinala que estan a expensa do que fagan os outros grupos cando entende que deberían tomar a iniciativa xa que a él faltalle saber cál é a proposta de orzamentos do P.P; sinala que houbo capacidade de diálogo xa que se non o houbera aprobarían os orzamentos polo Xunta de Goberno, posibilidade permitida pola lei; destaca como pilares dos orzamentos, os servizos sociais, actividades culturais, mantemento e mellora dos servizos, parecele importante o plan de emprego que se contempla o que se engadirá un plan de empregabilidade subvencionado pola Deputación, di que se van a pedir dous obradoiros de emprego con varios Concellos, así como tamén temos pedidas diversas subvencións que no caso que se concedan haberá que habilitar partidas. Finaliza a súa intervención dicindo que o presuposto que se propón é o axeitado para o Concello no tempo que nos atopamos.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da enmenda presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, unha (B.N.G.); abstencións, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por maioría absoluta, cos votos a favor sete (P.S.O.E., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, unha (B.N.G.); abstencións, cinco (P.P.) , o seguinte acordo:

“Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2016, cun importe de 4.260.557,98 euros en ingresos e de 4.260.557,98 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 169.3 do repetido R.D.L. 2/2004; noutro caso, procederase de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-

Terceiro.- Que de conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma”.

5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA EXTINCION DE LICENCIAS DE AUTOTAXIS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos Municipais, Medio Rural e Deportes de data 18 de febreiro de 2016, co seguinte tenor literal: " Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" Vista o proposta do grupo municipal de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes en relacion coas licencias de autotaxi no obxecto de explotación a data de hoxe.

Visto o informe da Policía Local de data 18.11.2015, no que se fai constar a inactividade das seguintes licencias de autotaxi:

- Licencia nº 1. Titular, Don Celso Alvarez Raña.
- Licencia nº 4. Titular, Don Juan José Alvarez Amaro.
- Licencia nº 6. Titular, Don Braulio Martínez Vázquez.
- Licencia nº 8. Titular, Don Juan Carlos Fernández Reinaldo.

Asi mesmo consta escrito de data 19.11.2015 dos titulares das licencias activas no que piden a supresión das licencias inactivas.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Considerando que o artigo 59 do Regulamento de Autotaxi do Concello de Ribadavia e artigo 48 do Regulamento Nacional dos servicios Urbano e Interurbanos de Transportes de Automóviles Lixeiros sinala o seguinte:

"Artigo 59, En ningún caso poderá deixarse de prestar servicio durante tres meses consecutivos ou cinco alternos dentro de cada ano natural salvo causa xustificada, e en todo caso co límite máximo dun ano; transcorridos que sexan estes prazos, segundo os distintos supostos a licenza caducará e o Concello procederá a unha nova adxudicación ou a súa amortización segundo estime axeitado".

Considerando que a disposición transitoria cuarta da LEI 4/2013 do 30 de maio do transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, establece que no caso de que non quede acreditada a explotación efectiva da licenza de taxi no momento da entrada en vigor de esta lei, as persoas titulares delas, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor da lei, poderán solicitar a súa rehabilitación sempre que se acredite que as ditas licenzas estiveron en explotación efectiva durante, cando menos, dous anos nos últimos cinco anos.

Consta informe de Secretaria Municipal de data 23 de novembro de 2015.

A data de hoxe atópanse concedidas polo Concello as seguintes licenzas de Autotaxi:

Nº LIC.	TITULAR.-
1.-	CELSO ALVAREZ RAÑA
2.-	MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
3.-	CESAR BELDRON DOS SANTOS
4.-	JUAN JOSE ALVAREZ AMARO
5.-	CELSO SOTELO BARROSO
6.-	BRAULIO MARTINEZ VAZQUEZ
7.-	BENARDINO FREIJEDO CONDE
8.-	JUAN CARLOS FERNANDEZ REINALDO
9.-	FRANCISCO PEREZ GONZALEZ
10.-	ELISEO PEREZ MARTINEZ
11.-	CARLOS CRUCES ANLLO
12.-	FRANCISCO JOSE ALVAREZ SEOANE

Con data 28 de decembro de 2015, por Resolución da Alcaldía, acordouse incoar expediente para declarar a caducidade das licenzas de autotaxi do Concello de Ribadavia dando traslado os interesados concedéndolle un prazo de 15 días para que formularan as alegacións que considerasen oportunas o abeiro do artigo 84 da lei 30/1992.

Consta no expediente o resultado do trámite de audiencia pública.

Vista os antecedentes obrantes no expediente e a fundamentación xurídica exposta con anterioridade, propónse ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

PRIMEIRO.- Dado que se atopa suficientemente acreditado que non están a ser exercidas polos seus titulares as licencias de autotaxi que se relacionan de seguido, deixar sen efecto as mesmas procedendo a súa amortización:

- Licencia nº 1. Titular, Don Celso Alvarez Raña.
- Licencia nº 4. Titular, Don Juan José Alvarez Amaro.
- Licencia nº 6. Titular, Don Braulio Martínez Vázquez.
- Licencia nº 8. Titular, Don Juan Carlos Fernández Reinaldo.

SEGUNDO.- Proceder á modificación da numeración das licencias de Autotaxi correspondendose correlativamente cos titulares que veñen exercendo a actividade, quedando as mesmas do seguinte xeito:

Nº LIC. TITULAR.-

- 1.- MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
- 2.- CESAR BELDRON DOS SANTOS
- 3.- CELSO SOTELO BARROSO
- 4.- BENARDINO FREIJEDO CONDE
- 5.- FRANCISCO PEREZ GONZALEZ
- 6.- ELISEO PEREZ MARTINEZ
- 7.- CARLOS CRUCES ANLLO
- 8.- FRANCISCO JOSE ALVAREZ SEOANE

TERCEIRO.- Comunica-lo presente acordo os interesados e á Xefatura Provincial de Transportes, ós efectos da súa constancia.

Non obstante a Corporación Municipal co seu superior criterio, adoptará a decisión máis beneficiosa para os intereses municipais".

Os membros de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, Don Manuel Vázquez López e Don Celso Sotelo Barroso do P.P., dada a súa condición de taxistas, ausentanse do salón e non procede a votar o asunto, dado o seu posible interes directo no mesmo.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: fica ditaminada favorablemente por unanimidade".

Os membros de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, Don Manuel Vázquez López e Don Celso Sotelo Barroso do P.P., dada a súa condición de taxistas, ausentanse do salón e non procede a votar o asunto, dado o seu posible interes directo no mesmo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

6.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE COLOCACION DE PASO DE PEONS NAS CONFLUENCIAS DA RUAS OTERO PEDRAYO E MARTINEZ VAZQUEZ.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servicios Municipais, Medio Rural e Deportes de data 18 de febreiro de 2016, co seguinte tenor literal: " Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" **EXPOSICION DE MOTIVOS.-**

Dende hai xa tempo é unha demanda reiterada de moitos veciños e veciñas de Ribadavia a colocación dun paso de peóns na confluencia das rúas Otero Pedrayo e José Maria Martinez. Temos constancia, por parte da veciñanza afectada, de que esta demanda foi xa trasladada ao goberno municipal en reiteradas ocasións sin que, polo de agora, se teña dado unha resposta satisfactoria a esta demanda. Cómpre salientar que a confluencia de rúas da que estamos a falar é un punto de paso diario de pais e nais cos seus fillos e fillas de cara o colexio, polo que se fai máis necesaria se cabe a colocación deste paso de peóns garantir a seguridade dos nenos e nenas que empregan esta ruta para asistir o colexio.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar ao goberno municipal á colocación dun paso de peóns na confluencia das rúas Otero Pedrayo e José Maria Martínez Vázquez."

Intervén o Sr. Presidente para dicir que o seu grupo vaise a reservar para o Pleno en espera de informe da Policía Local sobre a viabilidade da proposta presentada.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que os grupos poden valorar a proposta independentemente do informe da Policía Local.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.P.); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar que o seu grupo canalizou unha demanda de xente que vai o centro escolar e agradece o apoio dos grupos a proposta.

O Sr. Vázquez López, entende que ten que haber un informe da policía local, polo que o seu voto está condicionado a que dito informe sexa favorable.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

O Sr. Fidalgo Martínez, está a prol da proposta xa que existe demanda, indicando que o informe haberá que solicitalo unha vez se aprobe a proposta.

O Sr. Garcia Soto, manifestase na mesma liña que o Sr. Fidalgo Martínez.

O Sr. González Amaro, manifesta que aínda non se solicitou o informe, pensa que non é o lugar máis axeitado e pode haber outros idonéos, anunciando a abstención do seu grupo en espera do informe.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.P., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, cinco (P.S.O.E.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a proposta presentada.

7.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL RIBEIRO EN COMUN PARA A ORGANIZACION DO SERVICIO MUNICIPAL DE DEPORTES E A CREACION DE ESCOLAS MUNICIPAIS DE DEPORTE.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos Municipais, Medio Rural e Deportes de data 18 de febreiro de 2016, co seguinte tenor literal: " Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Servizo Municipal de Deportes debe mellorar o seu deseño organizativo. Os traballadores/as técnicos do servizo deben ter un papel central. Este servizo debe xestionar un orzamento e uns recursos propios, isto non significa independencia dos demais servizos municipais, pero si unha autonomía que hoxe non dispón.

Un dos obxectivos fundamentais a desenvolver por este Servizo debe ser o de potenciar o deporte en idade escolar, infantil e primaria. O deporte é unha das actividades máis importantes para a calidade de vida dunha persoa, pero cando falamos de unha persoa en formación como son os nenos e as nenas, esta importancia multiplícase por mil.

A día de hoxe no noso Concello non existen escolas deportivas, e todo o peso e responsabilidade recae na iniciativa privada que, aínda que moi meritosa e digna de admirar non debera ter ese nivel de responsabilidade na formación deportiva dos e das nosas nenas.

A realidade actual do Deporte en idade escolar.

- . As nenas e os nenos non sempre son atendidos/as por persoas coa mellor formación.
- . Non sempre se dispón dos mellores recursos respecto á infraestruturas deportivas, e cando se deciden melloras nas mesmas, a súa falta de centralidade e coordinación na organización conleva multiplicar gastos e non obter eficiencia na xestión. Dispersar recursos. Improvisación na xestión , que se fai a “salto de mata” e para contentar egos localistas.
- . Debese potenciar o deporte de base en idade infantil.
- . As nenas non deben ter un papel subalterno no deporte, debese activar e potenciar a súa presenza nas idades infantil e primaria.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- . Nas idades infantís debese potenciar a diversidade no deporte, non focalizando a actividade nun só deporte.
- . Buscar esa multiplicidade de deportes, mesmo buscando colaboración noutros concellos e entidades que dispoñan de instalacións para a práctica de outros deportes. Por exemplo, a piscina municipal da Cañiza ou o Club náutico de Castrelo de Miño.
- . As actividades deportivas deben servir tamén para potenciar valores sociais e cívicos que enriquezan ao neno e a nena e lle axuden a desenvolverse como persoa.
- . O noso Concello debe ser un actor principal nesta labor, e non un mero axente subvencionador de iniciativas e actividades privadas. Esta labor de subvención só ten sentido cando falamos de deportes de grande excepcionalidade técnica, que dificultaría o seu desenvolvemento docente.
- . É importante recordar que no Concello de Ribadavia durante moitos anos existiron Escolas deportivas municipais.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Elaborar un Plan técnico do deporte en Ribadavia, que cando menos inclúa: Recoller todas as infraestruturas deportivas municipais e non municipais do termino de Ribadavia, e actividades que nelas se desenvolvan. Custe para as arcas municipais de todas as actividades deportivas, recollendo tamén as que se desenvolven fora de instalacións do Concello, pero nas cales o Concello cubre total ou parcialmente os seus custes. Exemplo, gastos electricidade, arranxos varios, etc..

Organizar e coordinar toda a infraestrutura deportiva existente no noso Concello. Necesidades, Debilidades, Ameazas, Forzas e Oportunidades do Deporte en Ribadavia.

2.-Creación e desenvolvemento das Escolas Municipais Deportivas de Ribadavia".

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que con esta proposta o que se propón é unha mellora do deporte e sobre todo para os nenos en idade escolar, procedendo de seguido a explicar os dous acordos que se propoñen.

O Sr. Fernández Gil, sinala que o que se propón ía no seu programa electoral polo que en principio están de acordo, non obstante reservaranse para o Pleno municipal.

O Sr. Presidente da Comisión sinala que antes de pronunciarse sobre a proposta presentada falará co técnico municipal para recabar a súa opinión sobre a mesma.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente".



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para explicar o contido da proposta, di que o Servizo Municipal de Deportes debe mellorar o seu deseño organizativo, di que hai unha falta de previsión e así sucedesen cuestión coma a do campo do Quins, falta de equipamento no ximnasio, utilización das instalación por moita xente que non está empadronada no Concello, hai unha eiva no tema do deporte na idade escolar, falta de monitores e recursos necesarios, por todo isto o Concello debería retomar as escolas deportivas municipais e coordinar as infraestruturas deportivas para o uso da veciñanza, indicando que se se aproba a proposta haberá que implementala via orzamentaria.

Intervén o Sr. Vázquez López, para dicir que non dúbida das boas intencións do autor da proposta, se ben pensa que ditas cuestións deberianse tratar no Consello Municipal de deportes, relacionando de seguido os obxectivos de dito organismo.

Intervén o Sr. Garcia Soto, para dicir que entende o espírito da proposta e parecelle correcto que se fixen as carencias, necesidades e potencialidades do servizo para despois actuar; di que o tema da recuperación das escolas deportivas municipais parecelle esencial.

O Sr. Fernández Gil, di que está de acordo coa proposta e que lle parece fundamental recuperar as escolas deportivas municipais, cuestión está que ia no seu programa electoral. Finaliza dicindo que se se aproba haberá que facer unha modificación o orzamento aprobado hoxe.

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que lle parece ben a proposta e está de acordo en que haberia que tratalo no Consello Municipal de Deportes.

O Sr. Fidalgo Martínez, puntualiza que a política municipal a marca o Pleno sen perxuro de que despois o asunto se poida tratar no Consello Municipal de Deportes.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

8.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMUN PARA QUE O CONCELLO DESENVOLVA UN PLAN DE ACTUACION DE CONTROL DAS COLONIAS DE GATOS NA RÚAS GARANTINDO A SÚA PROTECCION O RESPECTO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2016, co seguinte tenor literal: " Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcribese: "**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nas rúas de Ribadavia, especialmente no casco histórico existe un gran número de gatos agrupados en varias colonias, que normalmente pasan desapercibidos e



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

soamente fanse notar cando, a causa da superpoboación, comenzando a ser un problema medioambiental.

No concello de Ribadavia abundan as denuncias veciñais sobre a proliferación de gatos de rúa que, agrupados nun número variable de individuos, xeneran molestias a unha parte de cidadáns. Denuncianse con maior frecuencia: 1.cheiros 2.ruídos (miaños e pelexas durante o período de celo 3.suciedade (dexeccións, dispersión de lixo e alimentos que lles proporcionan 4.riscos sanitarios (contaxio de enfermidades infecciosas a outros animais domésticos, parásitos, etc..)

O crecemento descontrolado das colonias de gatos urbanos está causado por diferentes factores:

1. A capacidade reproductiva da especie felina é bastante elevada comparada a outras especies domésticas. Poden reproducirse 3 ou 4 veces ao ano, con camadas de ata 5 ou 6 individuos. Aínda nas peores condicións unha gata tentará sacar as súas crías adiante e éstas, a súa vez, iniciaran o seu ciclo reproductivo con tan só, ou antes, dos 6 meses de idade.

2. Con suministro de alimento a viabilidade desas camadas e a capacidade reproductora dos adultos queda asegurada.

3. A captura e eliminación (ben sexa por adopción ou eutanasia) dos animais non resolve o problema, xa que o reducirse o número de gatos na colonia, deseguida será poblada por individuos novos. Se eliminase unha colonia de gatos, os gatos de territorios veciños migrarán ata ali e comenzará un novo ciclo de reprodución.

4. Así mesmo, a supresión de alimentación soamente non é suficiente para reducir a colonia, xa que existen moitas fontes de alimento para os gatos –roedores, lixo, etc.-. En todo caso soamente conseguiríase trasladar o problema a outra comunidade veciñal cercana ou incentivar aos gatos a invadir máis as casas para a búsqueda do alimento. Para establecer un equilibrio e plantexar unha solución ao inevitable crecemento das colonias urbanas soamente existe un método eficaz, o CES (Capturar, Esterilizar e Soltar)

As vantaxes dunha colonia de gatos controlada son múltiples e favorecen a convivencia dos veciños con estes animais beneficiando a ambos:

- Disminución considerable de ratas e insectos na zona.
- Eliminación das pelexas entre gatos
- Inhibición da marcaxe con orina e feces
- Non se reproducen
- Gatos sanos controlados que non contaxian nada
- Zonas de alimentación dos gatos ocultas, limpas, sen molestar a ningún veciño/a.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Dada a crecente sensibilidade cara ao benestar dos animais domésticos varios concellos de Galicia (Betanzos, Cambados, Ourense, Santiago de Compostela, etc..) comenzan a aplicar este método de casetas/gateiras, xestionadas por voluntarios onde poden resguardarse e alimentarse sen causar molestias aos veciños.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia o establecemento dun programa piloto onde se aplicará e avaliará este método para o control das colonias de rúa adoptando os seguintes ACORDOS:

- Comprobación da ausencia de chip.
- Recoñecemento xeral e tratamento no seu caso (ácaros, catarros, etc).
- Castración do 70% das femias e do 20% dos machos.
- Antibiótico de longa duración.
- Marcaxe na orella - Desparasitación interna e externa.
- Colocación de casetas e espazos para a súa alimentación".

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que se tratan de medidas novedosas e que xa se están a aplicar noutros Concellos, dí que o que se trata é de buscar unha mellor convivencia entre veciños e a colonia animal, así como mellorar a limpeza do entorno. Finaliza que nalgunha das cuestións que se propoñen haberá que consensuala coas técnicas do PERI.

O Sra. Presidenta, di que van a estudar a proposta e ver se hai posibilidades tanto técnicas como económicas para facer o que se propón.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para explicar o contido da proposta, dí que con ela o que se pretende é poñer solución a un problema que hai sobre todo no casco histórico, con queixas dos veciños por malos olores, suciedade e ruído; di que se propoñen medidas novedosas como pode ser a colocación de casetas, cuestión está que xa se implantou noutros concellos como Betanzos e Cambados.

Intervén o Sr. Vázquez López, para manifestar que lle parece ben o sentido da proposta se ben o posicionamento do seu grupo vai a ser a abstención.

O Sr. García Soto, dí que lle parece interesante a proposta se ben considera que se debería estender tamén o rural.

O Sr. Fernández Gil, anuncia o voto favorable do seu grupo, coincide co diagnóstico e coas solucións propostas, supón que na redacción da proposta se asesorarían con colectivos que se adican a protexer os animais, se ben sinala que ditas



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

medidas requiren de aportacións económicas polo que deberá facer unha modificación orzamenaria se se aprobase.

O Sr. Iglesias Sendin, manifesta a súa conformidade coa proposta, solicita que se achegue o modelo de casitas para que as técnicas do P.E.R.I. poidan facer un informe sobre a viabilidade das mesmas, e está de acordo co voceiro do B.N.G. de que ditas medidas se extendan o rural.

O Sr. Fidalgo Martínez, recalca que a proposta vai máis ala da colocación de casetas tratase de controlar a colonia de gatos existentes no casco histórico que é onde se está a manifestar a problemática, se ben está de acordo en que as medidas se extendan a todo o municipio.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, doce (P.S.O.E. ,P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); abstencións, unha (Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a proposta presentada.

9.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN ORGANOS COLEXIADOS (FUNDACION VILA BALNEARIO DE PREXIGUEIRO, MANCOMUNIDADE TURISTICA DOS CONCELLOS DE CARBALLIÑO, RIBADAVIA, LEIRO E BOBORAS, FUNDACION ASILO NOSA SEÑORA DOS ANXOS).-

O Sr. Alcalde, dada a renuncia do Concelleiro do B.N.G., Don Anxo Collarte Pérez, en relación con diversos organismo colexiados no que estaba como representante propón o Pleno a súa substitución polo concelleiro do B.N.G. Don Jacobo Garcia Soto, quedando do seguinte xeito:

FUNDACION VILA BALNEARIO DE PREXIGUEIRO: Don Jacobo Garcia Soto que substitúe a Don Anxo Collarte Pérez.-

MANCOMUNIDADE TURISTICA DOS CONCELLOS DE CARBALLIÑO, RIBADAVIA, LEIRO E BOBORAS: Don Jacobo Garcia Soto que substitúe a Don Anxo Collarte Pérez.

FUNDACION ASILO NOSA SEÑORA DOS ANXOS: Don Jacobo Garcia Soto que substitúe a Don Anxo Collarte Pérez.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

10.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

O Sr. Alcalde fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

“En relación co Regulamento da organización e funcionamento do servizo Xantar na Casa”, e dada a suba do prezo público do servizo en 0,50 euros por tramo, propón o Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- A aprobación inicial da modificación do Regulamento de organización e funcionamento do servizo de Xantar na Casa do Concello de Ribadavia.

SEGUNDO.- A exposición pública de dito acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello para a presentación de reclamacións polos interesados nos trinta días a partir da publicación no diario oficial da provincia. No suposto de non presentarse reclamacións ou alegacións, o mesmo quedará aprobado definitivamente sen necesidade dun novo acordo plenario.

TERCEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopten, así coma o texto do Regulamento, cuxa publicación conterá o texto completo do mesmo.”

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Os voceiros de todos os grupos municipais manifiestan a súa conformidade coa moción presentada, xa que se trata dunha cuestión asumida polos usuarios e o seu entender o servizo está a funcionar axeitadamente.

De seguido sométese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López fórmulanse os seguintes rogos:

1º ROGO.- En relación coa empresa concesionaria do servizo municipal de auga, sinala que é unha vergoña o estado das instalacións, fai referencia o estado lamentable da captación, a planta potabilizadora atopase aberta podendo acceder quen queira, a estación depuradora está nun estado lamentable, polo que roga que se requira a empresa a que teña as instalacións en bo estado e que cumpra o establecido no Prego.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que lle parece preocupante o que dí e mañá solicitará os informes oportunos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde se atenda a reparación das fontes e a retirada dos carteis informativos en desuso, cuestións estas xa prantexadas varias veces.

De seguido fai referencia a recente inauguración dun velorio na rúa Redondela, dí que fixo un seguimento o expediente e que falou cos técnicos e en principio está todo en regra e cumpren a normativa, polo que entende que non se pode denegar unha licenza de obra e actividade se se cumpre coa lexislación.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde se proceda a limpeza da fonte sita en Santo Andre.

2º ROGO.- Qure se proceda a retirar o vehículo abandonado que hai na zona da sindical.

O Sr. Alcalde manifesta que nalgúns casos non se pode facer nada xa que están precintados por orde xudicial, non obstante fará as xestións oportunas.

1º PREGUNTA.- Interesalle saber cál é a situación da planta potabilizadora, indicando que meses pasado xa presentou unha pregunta neste senso.

Resposta o Sr. Alcalde: En principio non ten constancia de problemas, de feito as análíticas que presentan atopanse dentro dos parámetros establecidos.

2ª PREGUNTA.- Interesalle saber como se atopa os arranxos da planta baixa da casa Sindical.

Resposta o Sr. Alcalde: Sabe que viñeron uns técnicos a ver o inmovible para facer unha memoria das actuacións a realizar.

3ª PREGUNTA.- Interesalle saber porque de actuou días pasados nos colectores soterrados sitios fronte o Banco Santander.

Resposta o Sr. Alcalde: Procedeuse a súa limpeza debido o mal estado no que se atopaban.

4ª PREGUNTA.- En relación cunha autorización da Confederación Hidrográfica para a construción duns vestiarios na campo de fútbol O Xestal, interesalle saber se se van a facer.

Resposta o Sr. Alcalde: Coa problemática do campo e mentras non se resolva non está prevista a súa execución.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlense os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Que se proceda a limpar as vertentes do camiño da Torre en San Paio.

2º ROGO.- Estes días colocáronse paneis informativos da vila termal de Prexigueiro, solicita que se coloquen tamén nas saídas da Autovia.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que hai conflitos con outras administracións para colocalo nesa zona, se ben fará as xestións.

3º ROGO.- Que se limpe un vertedoiro de materiais que hai na Cuenga, na zona debaixo da ponte da Autovia na Quinza.

4º ROGO.- Que se limpe e adecente os visionarios ornitolóxicos existentes na zona de Ventosela.

PREGUNTA.- Interesalle saber como está o tema da limpeza do colexio da Alameda xa que lle consta queixas da Ampa e da propia dirección do colexio.

Por orde do Sr. Alcalde, resposta o Sr. González Amaro para dicir que en principio o problema está solucionado.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlense as seguintes preguntas:

1º. ROGO.- Rogaría se derán as ordes oportunas para que se corrixa dous paneis informativos que hai na zona do campo de fútbol de San Cristovo e que corresponden a obra que se executou, xa que o mapa está o revés.

1ª PREGUNTA.- En relación coas actuacións no campo de Quins existe contradicción entre o que dixo o Concelleiro no derradeiro pleno e o que dixo por escrito o Sr. Alcalde, polo que solicita que se lle clarexe cales e quen fixo as actuacións en dita instalación.

Por orde do Sr. Alcalde, resposta o Sr. Iglesias Sendin, para dicir que as actuacións que se levaron a cabo foron as seguintes: puxéronse dous calentadores, 5 luminarias, interviu dúas horas a pick-up, a limpeza dos vestiarios fixoa o club Ribeiro e o acondicionamento do campo fixo unha parte do Concello e outra o club e tamen fíxose o desbroce durante 2 horas por persoal adscrito a área da Veronza; finaliza dicindo que o custe das actuacións para o Concello foron 1.500 euros.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2ª PREGUNTA.- Dias pasados no diario La Voz de Galicia aparecen unhas declaración do Sr. Alcalde no que manifesta que as alegacións do PXOM foron notificadas os interesados polo que pregunta cando se notificaron.

Resposta o Sr. Alcalde: Non dixo eso, e máis no tería sentido se así fose a exposición da contestación das alegacións que agora se está facendo.

3ª PREGUNTA.- Dias pasados recibíuse no Concello un escrito do Consorcio relativo a diversas actuacións que se teñen que facer na gardería Galiña Azul, en concreto subsanar as humidades do teito e colocar unha tela mosquiteira, interesa saber si se fixeron as obras.

Resposta o Sr. Alcalde: Xa deu as ordes oportunas para que se faga, se ben ese non é o problema senon o que quere facer a Xunta coa gardería.

4ª PREGUNTA.- No derradeiro pleno fixo un rogo para que se retirase o alumeado de nadal que hai no Castelo o que se lle respostou que ia a utilizar no Entroido e na feira do viño, indicando que no entroido non se encendeu, polo que pregunta por que non se retira e se se solicitou a técnica o informe que pediu sobre este alumeado e un puntal que hai na entrada do Castelo.

Resposta o Sr. Alcalde: No entroido nunca se encendeu, si na feira do viño, di que solicitou o informe a técnica municipal, sinalando que en principio non se van retirar xa que se utilizan durante a feira do viño e o mellor durante semana santa.

Polo concelleiro do P.P.,o Sr. Sotelo Barroso fórmulanse os seguintes rogos:

1º ROGO.- Rogaría que se dirixa a empresa que xestiona o balneario de Prexigueiro para que faga uns folletos informativos máis grandes no que se reflexen os tratamentos, custe e horarios de apertura da instalación.

2º ROGO.- Dado que nota en falta material rogaría que se dotase a oficina de información turística de folletos e material informativo e que se facilitasen os mesmos os hosteleros do Concello e comarca.

3º ROGO.- Que se mellora a limpeza do casco histórico e da rúa Ribeiro, sobre todo no tema das "cacas" dos animais, así como tamén pida unha actuación máis activa da Policía Local neste tema.

4º ROGO.- Reitera o xa manifestado noutro pleno, no senso de que se coloque un cartel grande informando dunha hora gratis de aparcamento na entrada da instalación.

5º ROGO.- Que se requira a Aqualia a que mellore o estado das instalacións da captación da auga xa que é lamentable.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

6º ROGO.- Que se reponha a boca de rego que falta na pista que baixa cara a igrexa de San Paio e na zona do Castro.

7º ROGO.- Recorda o manifesado polo concelleiro de limpeza e se faga unha campaña informativa para que a xente non bote o lixo os sábados xa que o domingo non se recolle e aparte dos cheiros da unha mala imaxe.

8º ROGO.- Reitera o rogo de que se retire o colector de roupa que hai fronte o supermercado Froiz, pide que e poña máis arriba xa que está queimando o camelio existente na zona.

9º ROGO.- Que se arranxe un bache que hai na zona do bar Estación e outro na rúa Ribeiro o lado da antiga casa dos "Couto".

10º ROGO.- Rogalle o Sr. Alcalde que se dea unha volta arredor da Casa de Cultura xa que seu estado é lamentable polo que roga que se faga unha limpeza o igual que nas esquinas da rúa Extramuros xa que está chea de herbas o igual que solicita se retire o vehículo que hai na zona da Porta Nova, xa que hai herba de medio metro debaixo do mesmo.

11º ROGO.- En relación co reloxo da casa consistorial pregunta si se vai a reparar e roga que faga o máis rápido posible.

12º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde fixese cumprir o horario as traballadoras do servico de limpeza dos colexios.

13º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde se procedese a limpeza xeral da pista que hai o lado do Instituto.

De seguido o Sr. Alcalde, da conta que o vindeiro día 2 de marzo as 17.30 horas viran os redactores do PXOM para explicar o documento, convidando a todos os concelleiros a que asistan.

Concluído o anterior, ás dez da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*